



A ECLIPSE DA MIÑA VIDA

Era luns, 3 de outubro do 2005.

Levanteime ás oito menos cuarto sabendo que hoxe ía haber unha eclipse anular, pero tamén coa desilusión de que non a ía poder ver. Cando cheguei ao IES a primeira clase foi a de Sociais, a axeitada para falar da eclipse. Falamos e falamos moito e a profe deunos unha noticia espléndida: íannos repartir unhas gafas para ver a eclipse sen problema ningún.

Cando soou a sirena para o recreo, sentín unha sensación que nunca tivera : medo e ledicia ao mesmo tempo...

Déronnos unhas gafas moi bonitas que parecían feitas con papel "albal". Cando se produciu o momento de máxima ocultación a temperatura baixou moito e escureceu un chisco, non tanto como esperaba, o que ocorreu foi que a lúa púxose por diante do sol e eles dous formaron un precioso anel. Se digo que me gustou sería faltar á verdade das cousas máis fermosas que vin

Mirar polos cristais e mirar los cristais víase verde e polas ga-



iiEncantoume!! Pareceume unha na miña vida.....

polas gafas era moi distinto Po-fas víase normal.....

Alguns rapaces dedicábanse a xogar ou a falar de parvadas, outros interesados no que ía acontecer só se preocupaban de mirar cara ao sol e ver o que estaba a pasar....

A xente de Melide vivía o gran espectáculo dende as ventás ou balcóns das súas casas. As librerías e tendas vendían as gafas da eclipse, pero en dous días non quedaba nada, esgotáranse todas. ii Bo sinal!! A eclipse é un fenómeno que non ocorre nin todos os días, nin todos os meses, nin todos os anos. Disque o próximo vaise producir dentro duns vinte anos....

Fíxemos unha promesa : para a vindeira eclipse sexa de sol ou de lúa, tanto ten, volveremos ao patio do Instituto para vela todos xuntos. Non sei se estaremos todos pero eu intentarei ir.

A miña impresión foi fantástica, coido que nunca me esqueceréi do 3 de outubro do 2005.

ALUMN@S DE 2º ESO B

